

ID#586

Bicerrán - Cambre - Malpica de Bergantiños, 1980-03

Informante: Manuel (73)

Compiladora: Dorothe Schubarth

Transcripción: Dorothe Schubarth e Antón Santamarina



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

9

- N. II - Farruquiño, o gaiteiro.

177.

1) "Boas tardes Maruxiña
hoxe veño ~~de~~ pedir-e
de tanto como che quero
sin ti non podo vivir-e."

(14) $\frac{V}{III} \frac{63}{34}$
 $\frac{V}{V} 68d$

2) "Pois por moito que me queiras
moito mais ché eu quero a ti-e
todo día e toda noite
sempre estou pensando en tí-e."

3) "O teu amor, Maruxiña,
moito me fai padecer-e
asta de noite na cama
nunca poido adormecer-e."

4) "De ese mal tamén eu sufro,
meu amor, meu queridíño,
non podo prende-lo sono
pensando no teu cariño."

5) "Pois agora, Maruxiña,
tranquila podes estar-e
porque si teus pais nos deixan
logho nos vamos casar-e."



Museo
do Pobo
Galego



Instituto de
Estudos das
Identidades

Ponteceso III, 2, Vecerán (Cambre), Manuel 73 anos
 00 138 - 9
 Marzal 1980

- N. II - Farruqiño, o gaiteiro.

III, 2,

- 6) "Por meu pai non hai coidado
 pero o mal é miña nai
 que dixo que me mataba
 X antes deixarme casar." e
- 7) "Se túa nai non che deixa
 facemos doutra maneira,
 casamos como os paxaros
 por detrás dunha silveira."
- 8) "Miña nai xa vén aquí-e
 está metendo no ghando
 fálalle con moito xeito
 que tén o xenio moi malo."
- 9) "Boas tarefas, miña soghra,
 véñolle X pedi-la filla
 se ma da séntome un pouco,
 se non marchome ~~axí~~ ~~casar~~
 mais aíxiño."
- 10) "Eu ben sei que ela te quere
 e está por ti rabeando
 desde que fala contigo
 non tén calma min descanso."
- 11) "Pois eu moito mais lle quero
 senón non viña por ela
 quérome casar agora
 pra que me quente a X canela X."
- 12) "Pois se eso é o que queredes
 casaraste miña filla
 xa te encherás de Farruca
 tamén da súa ghaitiña."
- 13) Arreglaron os papeles,
 trataron o casamento,
 ó cabo de poucos días
 casáronse moi contentos.



Museo do Pobo Galego



Instituto de estudos das identidades

Ponteces III, 2, Vecerán (Cambre), Manuel 73 anos
 CD 138-9-10 Marzal 1980

-N. II- Farruqiño, o gaitero.

III,2,

- 14) Cando saliron da igrexa
 dixo a pobre da rapaza:
 "Farruco si non racelas
 podesme ensina-la ghaita."
- 15) "Muller espera un pouquiño
 porque a teño ghardada
 xa ma verás pola noite
 que hei tocar na fuliada."
- (e togo que)
- 16) Inda ben non vetu a noite,
 a moza non se olvidaba,
 botoulle a vista o punteiro
 e dixo que lle ghustaba.
- 17) "Pois agora, Maruxiña,
 ghaita non che ha de faltar-e
 festa abaixo, festa arriba,
 xa te encherás de bailar-e.
- 18) O peor é a barriga
 se hai pouco que comer-e
 pero tocando na ghaita
 podémonos distraer-e."
- 19) Aquí termina o cortexo
 deste famoso gaitero
 que pra engaña-la rapaza
 tocoulle a ghaita primeiro.

(falado)

3:35

FIN.